

## **PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE** **AVALIACIÓN (EDUCACION FISICA)**

Os aspectos a avaliar son os recollidos nestos tres apartados:

1.- **Asimilación e coñecemento de conceptos** dos seguintes bloques de contidos:

- 1.1) Actividade física e saúde
- 2.2) Os xogos e as actividades deportivas
- 3.3) Actividades físicas artístico-expresivas.

2.- **Adquisición e mellora das capacidades e habilidades físico-motrices** dos seguintes bloque de contidos:

- 2.1) Actividade física e saúde
- 2.2) Os xogos e as actividades deportivas
- 2.3) Actividades físicas artístico-expresivas.

3.- **Contidos comúns**

Os contidos do bloque común, pola súa natureza transversal, traballaranse ao longo do curso de xeito integrado cos contidos do resto dos bloques. Os citados a continuación terán validez para todos os niveis:

- a) Aseo persoal
- b) A participación nas actividades físicas independentemente do propio nivel de execución.
- c) A aceptación das regras establecidas.
- d) O desenvolvemento da iniciativa individual e de hábitos de esforzo.
- e) O uso adecuado dos materiais e dos espazos utilizados.
- f) O desenvolvemento de actitudes de interés, respecto e cooperación na práctica de actividade física.

Durante o curso realizaranse, como norma xeral, unha proba escrita e varias probas prácticas en cada avaliación. En algunhas ocasións, en función do tipo de contidos e dos grupos aos que van dirixidos esos contidos, substituiremos a proba escrita pola realización de traballos.

**\*\* A distribución (en porcentaxe) de cada un destes tres apartados na calificación será a seguinte:**

- Asimilación e coñecemento de conceptos: 30%
- Adquisición e mellora das capacidades e habilidades físico - motrices: 40%
- Contidos Comúns: 30%

En algún momento puntual estas porcentaxes para cada un destes tres apartados poderían variar en función da actividade realizada. En este caso o profesor informaría ós alumnos da nova distribución da porcentaxe aplicada e esta modificación quedaría recollida na correspondente acta de departamento.

**É necesario aprobar os tres apartados para superar a materia de Educación Física; de tal xeito que si nun dos apartados se ten menos dun 5, o alumno estará suspenso e non se lle fará ningún tipo de media para aprobar a avaliación correspondente.**

Os alumnos que teñan que realizar un ou varios traballos escritos, deben entregalo(s) no prazo fixado. A entrega dun traballo no prazo fixado polo profesor é requisito imprescindible para poder valorar a nota media de cada un dos tres apartados da avaliación. O que quere decir o seguinte: si non se entrega un traballo ou se entrega fora de prazo a avaliación estará automaticamente suspensa.

Na **proba extraordinaria** de **setembro**, os alumnos farán probas de carácter teórico e/ou práctico.

**\*\*Alumnos que teñan a materia pendente de cursos anteriores**

A coordinación e seguimento da avaliación das aprendizaxes do alumnado que teña materias pendentes de cursos anteriores será responsabilidade tanto do xefe do departamento como do profesor que lle da clase ó/á alumn@ pendente.

Cada curso escolar realizaránse dous exames parciais teóricos e/ou prácticos das aprendizaxes do alumnado con materias pendentes de cursos anteriores. O primeiro parcial será en novembro e o segundo terá lugar en febreiro. Si non aprobase os parciais realizaríase un examen final en maio. No caso de que tampouco superase este último examen final, realizaríase unha proba extraordinaria en setembro

Co obxecto de facilitar ao alumnado a superación da materia pendente, o departamento didáctico propondrá un plan de traballo no que constan os contidos esixibles e as actividades de avaliación.

**Presentacións orais 1º Bacharelato**

No caso de ter que facer unha presentación oral, o alumno fará dita presentación integramente en inglés diante dos seus compañeiros en clase.

Se por calquera motivo (timidez, vergoña, faltas reiteradas a clase...) o alumno non realiza a presentación en clase diante dos seus compañeiros, a nota máxima que poderá obter na proba será dun 8 sobre 10 puntos posibles.

O alumno apoiárase para realizar a proba dunha presentación en PowerPoint (ou similar) na que só poderán aparecer imaxes (non se admiten textos). En ningún caso o alumno poderá contar con outro tipo de material de apoio, non podendo ler textos nin do PowerPoint nin de calquera outro material de apoio.

